

RGT

revista **galega de teatro**

verán **2011** | Nº **67**



TEXTOS / 64

O tempo

de

Lluïsa Cunillé

Texto gañador do XXXV Premi Born

Tradución de Afonso Becerra de Becerreá

O TRÁNSITO INEXORABLE

A vida pasa a traizón, como se non pasase. Os seres vivos, que nomeamos personaxes no drama, sostéñense no incerto tránsito do cotiá. A xente casa, filla, traballa... para vivir. Ás veces xorde unha faísca de ilusión. Desta banda do escenario todo son preguntas. A dramaturxia asoláganos dun xeito hiper-realista e sitúanos na mesma incerteza que arrastramos polas rúas. Vólvese verificar a fórmula que recollen os versos de Gonzalo Navaza: “É duda debida dubidar da vida / de amor non”. Lluïsa Cunillé ten a desconcertante habilidade de crear vida nas súas obras e nesta volve xurdir ese bater. Voces como metrónomos en conxunción e disxunción. Refachos de historias, de personaxes, nun pentagrama verbal no que a melodía non é máis que o vórtice dunha harmonía sísmica. A tensión rítmica temporal das réplicas, na súa aparente austeridade, fai emerxer unha sensación desacougante próxima á das pezas estáticas simbolistas. O xogo do xadrez, o cabalo negro e o branco, a memoria del a desmemoria dela, os sinais de alarma, os simulacros, os cheiros da fábrica que marean e producen o vómito, a forza do costume... son notas e frases musicais que aparecen, se dilúen e volven a reaparecer ata acadar a transcendencia de metáforas que lle poñen ás á obra *O tempo*.

Nesta obra pasa o tempo, dunha maneira elíptica, como na memoria, con anacos perdidos, elididos. Co tempo pasa a vida e incluso a memoria, representada nesa historia dunha empresa de calzado que, ao final, tamén se perde. A sensación de tránsito inexorable vaise facendo inminente ao longo da obra. As “pausas longas” non son máis que ocos temporais polos que se precipita calquera propósito de acción ou de proxecto de fuxida respecto a esa marcha inexorable do tempo que nos leva.

Somos tempo. Un anaco de tempo en diferentes tensións e extensións.

Afonso Becerra de Becerreá

O TEMPO

PERSONAXES

EL

ELA

(O despacho dunha empresa. ELA e EL están de pé)

ELA- Síntoo moito. Acompáñoos no sentimento.

EL- Grazas.

(Danse a man. Pausa)

ELA- Cantos anos tiña seu pai?

EL- Oitenta e seis anos.

ELA- Por que non colle uns días de festa?

EL- Grazas, ao mellor a semana que vén necesito un par de días para baleirar o piso de meu pai.

ELA- Seu pai vivía so?

EL- Si.

ELA- Colla os días que necesite. Fale vostede mesmo co xefe de persoal.

EL- Grazas.

ELA- Dígalle cantos días necesita para facer todo o que teña que facer.

EL- De acordo.

(Pausa)

ELA- Se necesita algunha cousa máis, dígamo.

EL- É moi amable.

(Pausa)

ELA- Paréceme que non estiven aquí antes. *(Mira cara á fiestra)* Non hai moi boa vista desde aquí, verdade?

EL- Non moita.

ELA- A verdade é que isto queda tan afastado de todo... A antiga fábrica aínda que era máis pequena estaba mellor situada. *(Pausa)*

Ben, déixoo que traballe. E non se esqueza de falar co xefe de persoal.

EL- Déalle saúdos a súa nai da miña parte.

ELA- Fareino. Grazas.

EL- Como está?

ELA- Ben, completamente recuperada.

EL- Xa saíu do hospital?

ELA- Xa hai uns cantos días que está na casa.

EL- Alégrome moito.

ELA- A verdade é que nos deu un bo susto a todos.

EL- Si.

(Pausa)

ELA- Ben, marcho. Cóidese.

EL- Vostede tamén.

(ELA sae. Escuridade)

2

(O mesmo despacho. EL está sentado traballando e ELA está de pé preto da porta)

ELA- Podo pasar?

EL- Si.

(EL levántase e danse a man)

ELA- Vin ver como vai todo.

EL- Ben, grazas. *(Pausa)* Sente, por favor.

ELA- Si, sentarei un momento. *(ELA senta á outra banda da mesa e despois EL senta onde estaba)* Como está?

EL- Ben.

ELA- Puido arranxar todas as cousas de seu pai?

EL- Si, grazas. Xa está todo arranxado.

(Pausa)

ELA- Non vai un pouco de frío aquí?

EL- Quere que acenda a estufa?

ELA- O radiador non funciona?

EL- Pecheino porque facía moito ruído.

ELA- E non ten frío?

EL- De momento non. Pero se vostede ten frío acenderei a estufa.

ELA- Non se moleste.

EL- Non é ningunha molestia. *(Levántase, acende a estufa e volve sentar. Pausa)* Que tal está súa nai?

ELA- Cada día mellor. Incluso xa están pensando en facer unha viaxe meu pai e ela.

EL- Unha viaxe?

ELA- Miña nai de nova sempre quixo viaxar, pero coa empresa non lle foi posible ou, polo menos, iso é o que ela sempre di.

(Pausa)

EL- Foi moi valente ao coller o relevo de súa nai tan de súpeto.

ELA- Espero que volva ben axiña. Hai que tomar algunhas decisións na empresa que sen ela son difíciles de botar adiante. *(Pausa)* Eu chámolle empresa e miña nai chámalle fábrica...

EL- Se se mira ben son as dúas cousas á vez.

ELA- Supoño que si e iso é o que asusta un pouco.

EL- Está asustada?

ELA- É unha maneira de falar.

EL- Si, claro.

(Pausa)

ELA- Ao comezo teño que recoñecer que si que me asustei, pero agora xa parece que todo está baixo control.

EL- De entrada as cousas sempre parecen máis difíciles.

ELA- A verdade é que foron uns días moi intensos para todo o mundo.

EL- Si.

(Pausa)

ELA- Gustaríame que se hai algo que lle pareza mellorable, algunha suxestión, que mo diga. Vostede é un dos empregados máis antigos e coñece ben a casa.

EL- Eu non son dos máis antigos, só hai tres anos que traballo aquí.

ELA- Tres anos?

EL- Si.

ELA- Desculpe, pensaba que había máis tempo, como ten un despacho para vostede só cría que era dos máis antigos.

EL- Cando cheguei había dúas persoas máis aquí, pero ao trasladar a contabilidade marcharon para arriba e xa non veu ninguén máis desde entón.

(Pausa)

ELA- Como é que non ten teléfono?

EL- Co ordenador xa teño bastante.

ELA- Farei que lle veñan instalar un teléfono e que lle arranxen o radiador. Déixame un papel e un bolígrafo? Apuntareino antes de que se me esqueza.

EL- Si.

(ELA apunta algo co bolígrafo e o papel que lle dá EL)

ELA- Se non apunto de seguida as cousas despois non me lembro, aínda que sexan importantes.

(Pausa. ELA garda o papel e dálle a EL o bolígrafo)

EL- Quede con el. Eu teño moitos aquí.

ELA- Grazas. *(ELA garda o bolígrafo. Pausa)* Se pensa que lle fai falta algunha outra cousa máis, non dubide en dicirillo en calquera momento ao xefe de persoal.

EL- De acordo.

ELA- Pouco a pouco hai que ir mellorando as cousas. As que sexa necesario mellorar, claro. *(Pausa. ELA fíxase nunha pequena figura que hai sobre a mesa: un cabalo negro de xadrez que non estaba na escena 1)* Perdoe. Pódese coller?

EL- Si.

ELA- *(Colle a figura)* É unha peza de xadrez, non si?

EL- Si, é un cabalo.

(Pausa)

ELA- É moi delicado.

EL- Era dun xogo antigo de meu pai. Atopeino cando baleirei o seu piso.

ELA- A seu pai gustáballe o xadrez?

EL- Si, era moi bo xogador.

(Pausa)

ELA- Vostede xoga?

EL- Ao xadrez? Non.

ELA- Non sabe?

EL- Si, pero xa non xogo nunca. *(Pausa. ELA deixa a figura onde estaba)* É o xogo que esixindo máis cálculos pide menos acción. Podería ter sido o meu xogo.

ELA- E por que non o é?

EL- Sendo o xogo de meu pai non podía ser ao mesmo tempo o meu. *(Pausa)* El dicía que o xadrez era demasiado difícil para ser un xogo e demasiado sinxelo para ser unha ciencia.

(Pausa)

ELA- Perdoe.

EL- Por que?

ELA- Por facerlle pensar en seu pai.

EL- Non, ao contrario. Agradézolle o seu interese.

(Pausa)

ELA- Ben, déixoo que traballe. *(Levántase)*

EL- Perdoe, pero aínda toca o piano?

ELA- Como?

EL- Se aínda toca o piano.

ELA- Como sabe que toco o piano?

EL- Escoiteina tocar hai un par de anos na Casa da Cultura.

ELA- De verdade? E como é que foi?

EL- Súa nai foi moi amable de convidarnos.

ELA- A quen?

EL- Aos do despacho.

ELA- Non sabía que invitara ao persoal da empresa.

EL- Si, invitounos a todos.

ELA- Aquel concerto nada máis tiña que ser para os amigos. Era un concerto de final de carreira, pero xa sabe como é miña nai.

EL- Á miña muller e a min gustounos moito.

ELA- A súa muller tamén estaba?

EL- É o único concerto que escoitamos en directo xuntos.

ELA- O meu concerto?

EL- A miúdo escoitamos música na radio e tamén poñemos discos na casa. Non nos gusta moito saír.

(Pausa)

ELA- Ben, xa nos iremos vendo.

EL- Si. (*Levántase*)

ELA- Cóidese.

EL- Vostede tamén.

(*ELA sae. Escuridade*)

3

(*O mesmo despacho. EL está na mesa traballando e ELA está de pé cun vaso de plástico na man preto da porta. Pausa*)

ELA- Perdoe. Vostede sabe francés?

EL- Francés?

ELA- Non sabe?

EL- Non.

ELA- Alguén me dixo que vostede sabía.

(Pausa)

EL- Síntoo.

ELA- É que estou esperando uns provedores marroquís e non sei se entenden ben o inglés. E arriba non hai ninguén que saiba francés.

EL- E súa nai?

ELA- Miña nai?

EL- Súa nai sabe francés. Por que non lle pide a ela que lle axude?

ELA- Miña nai non está.

EL- Perdoe, pero non ía volver esta semana?

ELA- Non o sabe? Os médicos dixéronlle que ten o corazón moi feble e recomendáronlle que non volva traballar.

(Pausa)

EL- Non o sabía.

ELA- Ninguén lle dixo nada?

EL- Non.

ELA- Hai un par de semanas que miña nai despois de falar cos médicos decidiu non volver traballar. Desde entón fíxeme cargo da empresa eu definitivamente. Pensaba que xa o sabía todo mundo.

(Pausa)

EL- E como tomou iso súa nai?

ELA- De momento bastante ben. Aínda que con ela non se sabe nunca.

EL- Que quere dicir?

ELA- Aínda ten que pasar un tempo para que se vaia facendo á idea. Esta empresa foi practicamente toda a súa vida.

EL- Si, claro.

(ELA achégase á fiestra e mira para fóra)

ELA- Hai dúas semanas que non paro de ir dunha banda á outra, de falar con clientes e provedores de todas partes para explicarlles a nova situación. Non sei se darei saída de todo isto.

EL- Seguro que si.

(Pausa)

ELA- Como?

EL- Seguro que lle sairá moi ben.

ELA- Todos coñecen a miña nai, pero a min non me coñece ninguén.

EL- Só é cuestión de tempo que a coñezan.

ELA- De momento xa perdemos un par de clientes. Así que correu a voz do de miña nai non lle faltou tempo á competencia para chamar aos nosos clientes e ofrecerlles todo tipo

de condicións máis favorables. Agora se os quero recuperar terei que igualar como mínimo as novas condicións.

EL- Ao comezo todo parece un trastorno, pero seguro que co tempo as cousas volverán ao seu sitio.

(Pausa. ELA acaba o café do vaso de plástico e tírao á papeleira)

ELA- Non debería de tomar tanto café. E o peor de todo é que non o tomo porque o necesite senón porque me gusta moito.

(Pausa)

EL- Lembro que no seu concerto, antes de comezar, ofreceuse unha cunca de café a todo o mundo.

ELA- Si, foi idea miña. E ao final unha copa de viño como premio para todos aqueles que quedaron ata o final.

EL- Eu non vin que ninguén marchase durante o concerto.

ELA- De todas formas foi un detalle para os amigos.

EL- Antes de comezar o presentador dixera unha cousa moi bonita. Dixera que a música era unha revelación máis alta que a ciencia e a filosofía.

ELA- Si, é unha frase de Beethoven.

EL- De Beethoven?

ELA- A presentación de aquel concerto fixéraa un amigo da familia que esaxerou todo un pouco.

(Pausa)

EL- Perdoe, pero non tocou ben aquel día?

ELA- Si que toquei ben. Non creo que puidese tocar mellor.

(Pausa)

EL- Fará algún outro concerto?

ELA- Non. Aquel foi un concerto de final de carreira e nada máis. *(Pausa longa)* Non sente un cheiro?

EL- Vén dos lavabos. Cando vai chover ás veces fan mal olor.

ELA- Non están limpos?

EL- Si, pero non se trata diso.

ELA- Nos lavabos de arriba non pasa.

EL- Iso é como a couza. Seguro que arriba non hai couza.

ELA- Arriba non hai ningún moble que sexa de madeira de verdade. Estes deben ser os únicos mobles que aínda quedan da antiga fábrica. Non preferiría máis traballar arriba? Como mínimo tería un teléfono. Como é que non o instalou aínda?

EL- Non o sei.

(Pausa. ELA mira o seu reloxo)

ELA- Xa deben estar a punto de chegar os provedores. Espero que co inglés sexa suficiente para entendernos.

(Pausa)

EL- Perdoe, pero oínlle dicir algunha vez a súa nai que aos clientes había que saír recibilos á porta mentres que aos provedores máis valía facelos esperar un pouco.

ELA- Dixo iso miña nai?

EL- E incluso llo vin poñer en práctica.

(Pausa)

ELA- E canto tempo lles facía esperar miña nai aos provedores?

EL- Un cuarto de hora ou vinte minutos. O que tardaba en fumar un par de cigarros.

ELA- Miña nai fumaba aquí?

EL- Algunha vez.

ELA- Vostede fuma tamén?

EL- Non, pero non me importa que os outros fumen.

(Pausa longa)

ELA- *(Mirando pola fiestra)* Agora chegan.

EL- Son os provedores?

ELA- Si. *(Pausa)* Ben, deséxeme boa sorte.

(ELA sae. Pausa. Escuridade)

4

(O mesmo despacho. EL está sentado traballando e ELA está de pé cun bolso colgado nun ombro. É de noite)

ELA- Aínda traballa?

EL- Si, teño que deixar listo un asunto para mañá.

(Pausa)

ELA- Dixéronme que estivo enfermo.

EL- Si, a miña muller e eu tivemos a gripe ao mesmo tempo.

ELA- Volveu hoxe ao traballo?

EL- Non. Onte.

ELA- Entón atópase ben?

EL- Si. Grazas.

ELA- E a súa muller?

EL- Aínda non sae de casa, pero xa está mellor.

(Pausa)

ELA- Ten moito traballo atrasado?

EL- Non moito.

ELA- Necesita que alguén lle bote unha man uns días?

EL- Non. Axiña me poñerei ao día. Grazas. *(Pausa)* Perdoe. Non lle dixen se quería sentar.

ELA- Grazas, pero teño que marchar. É moi tarde. Xa non queda ninguén máis excepto vostede e o vixiante.

EL- Eu tamén marcharei de seguida.

(Pausa)

ELA- Ten coche?

EL- Si, pero vin no autobús.

ELA- A esta hora aínda hai autobuses que cheguen ata aquí?

EL- Ás dez sae o derradeiro.

ELA- Debe ser moi pesado vir ata aquí no autobús.

EL- Xa me acostumei.

ELA- Vén cada día no autobús?

EL- Si.

ELA- Canto se tarda desde a parada ata aquí?

EL- Un cuarto de hora.

ELA- Pensaba que a parada estaba máis preto.

EL- De todas formas eu non camiño moi de presa.

(Pausa)

ELA- Ben, boa noite.

EL- Quere que a acompañe ata o coche?

ELA- Non fai falta. Téñoo aparcado moi preto da porta. E tamén está o vixiante. Aínda que non o coñezo sequera. Cada semana envíanme un vixiante diferente e non sei ben por que. Preferiría que fose sempre o mesmo.

EL- Tería que pedir sempre o mesmo entón.

ELA- Xa o fixen pero de momento non me fan moito caso. Ao mellor o que tiña que facer é cambiar de empresa de seguridade. *(Pausa)* Ben, boa noite.

EL- Boa noite.

(ELA sae. Pausa. Escuridade)

5

(Na escuridade escóitase unha voz por megafonía que di: “Atención, a causa dunha emerxencia, prégase a todo o persoal que abandone inmediatamente o edificio. Pola súa seguridade baixen polas escaleiras e eviten usar o ascensor ou o montacargas. Grazas.”)

Pausa longa.

Ilumínase o mesmo despacho. EL e ELA están sentados a cada banda da mesa)

ELA- Por que non baixou esta mañá? Que traballe só non significa que non teña que seguir as normas de seguridade como o resto do persoal.

EL- Síntoo. Desculpe.

(Pausa)

ELA- Dentro de seis meses haberá outro simulacro de emerxencia. Dígollo para que non o colla desprevido. *(Pausa)* Tíñalle que dicir algunha outra cousa pero fóiseme da cabeza. Se non anoto as cousas esquézome de seguida.

(Pausa longa)

EL- Perdoe, pero se esta mañá non baixei é porque non entendín o aviso. Nesta planta a megafonía non se escoita ben e ademais levaba uns tapóns nas orellas para non oír tan forte o ruído de abaixo.

ELA- Pon tapóns nas orellas para traballar?

EL- Só cando o ruído de abaixo é moi forte.

ELA- E non sabía que hoxe había un simulacro de emerxencia?

EL- Non.

ELA- O xefe de persoal non lle dixo nada?

EL- Non.

(Pausa)

ELA- A verdade é que o simulacro non saíu nada ben. Ninguén o tomou en serio, ao mellor porque era a primeira vez que se facía e a xente xa o sabía de antemán. Eu sentínme incluso un pouco absurda.

EL- Absurda?

ELA- Fun a primeira en saír á rúa. Pareceume que tiña que dar exemplo e atopeime soa na rúa non sei canto tempo esperando que saíse a xente.

EL- Síntoo.

ELA- Está claro que ninguén se toma en serio o perigo ata que o ten enriba.

(Pausa)

EL- Ao mellor o que acontece é que non lles gusta que se vexa que teñen medo.

ELA- Quen?

EL- Os traballadores.

ELA- Medo de que?

EL- Do perigo. E por iso fan como se non o tomasen en serio.

ELA- Entón que debería facer? Non volver facer ningún outro simulacro de emerxencia?

EL- Non o sei.

(Pausa)

ELA- A próxima vez non avisarei a ninguén por adiantado de que haberá ningún simulacro, a ver que pasa, a ver como o toma a xente. *(Pausa longa)* Non hai maneira de que lembre que máis lle tiña que dicir.

(Pausa)

EL- Vou ir buscar un café para min, se quere tráiole un para vostede e mentres quizais se lembra. *(Érguese)* Gústalle con azucre?

ELA- Si, pero non se moleste, teño que volver arriba.

EL- Non é ningunha molestia.

(EL sae. Pausa longa. ELA érguese. Escuridade)

6

(O mesmo despacho. Fóra chove. Desde o comezo ELA está de pé, detrás da mesa, cun bolso colgado do ombro, lendo unhas follas de papel escritas a man que hai enriba, despois duns momentos senta na mesma cadeira da escena 5. Pausa longa. Entra EL)

EL- Perdoe, hai moito que espera?

ELA- Non. Cheguei hai un momento.

EL- Sinto que tivera que esperar.

ELA- Como vai todo?

EL- Ben.

(EL colle as follas de papel escritas a man de enriba da mesa e gárdaas nun caixón mentres ELA lle fala)

ELA- Non sei se o sabe pero hai dous meses que casei. Antonte cheguei da viaxe de voda. Estivemos unha semana fóra.

EL- Si, xa mo dixo o xefe de persoal que casara.

ELA- Tivemos que adiar unhas semanas a viaxe de voda polo traballo dos dous.

EL- Parabéns.

ELA- A verdade é que todo foi moi ben.

EL- Aléxrome. E deséxolles moita felicidade aos dous.

ELA- Grazas. *(EL saca algo dun caixón da mesa que lle dá a ELA)* Que é?

EL- Un agasallo.

ELA- Un agasallo?

EL- De voda. Gardábao para cando a vise.

ELA- É para min?

EL- Si.

ELA- É moi amable, pero non facía falta que se molestase.

(ELA abre o agasallo que é un cabalo de xadrez igual que o que hai enriba da mesa, pero de cor branca. Pausa)

EL- Como este lle gustou tanto, pensei que estoutro tamén lle gustaría.

ELA- Grazas.

(Pausa)

EL- Se lle gusta máis de cor negra cámbiollo por este.

ELA- Non, este tamén é moi bonito.

EL- Excepto na cor son completamente iguais, son do mesmo xogo de xadrez.

ELA- Grazas. Gústame moito.

(Pausa)

EL- Non sei se coñece o movemento das pezas de xadrez, pero o cabalo é a peza que ten un movemento máis singular e curioso á vez, e tamén é o único que pode saltar por riba das outras pezas.

ELA- Sábeme mal que quede sen unha peza do xogo de seu pai.

EL- Estou seguro que a el tanto lle ha ter estea onde queira que estea.

(Pausa)

ELA- É un agasallo de voda moi orixinal. Estoulle moi agradecida. *(Garda o agasallo no bolso)* Despois do casamento convidamos a todos a unha copa arriba, pero vese que non

o avisaron. A verdade é que foron uns días moi atarefados ata que puidemos marchar de viaxe de voda.

EL- Onde foron?

ELA- A París. Aínda que pareza increíble nunca estiveramos ningún dos dous.

EL- É moi bonito París.

ELA- Estivo hai pouco?

EL- De viaxe de voda tamén.

ELA- Dío de verdade?

EL- Si.

ELA- Cando?

EL- Hai máis de trinta anos.

ELA- Que casualidade que fomos de viaxe de voda ao mesmo lugar.

EL- Si.

(Pausa longa)

ELA- Non senta?

EL- Si.

(EL senta. Pausa)

ELA- Non ten teléfono aínda?

EL- Non.

ELA- E o radiador, arranxáronllo?

EL- Paréceme que non.

ELA- Non entendo que non se fixera nada aínda. Hai moito tempo que se tiña que ter feito todo.

(ELA saca unha axenda do seu bolso e despois busca algunha cousa máis no bolso)

EL- Quere un bolígrafo?

ELA- Teño un, grazas. *(Pausa. Saca unha carteira)* Quere ver unha foto do meu marido?

EL- Si. *(Abre a carteira e amósalla)* Fíxenlla eu mesma antes da viaxe de voda.

EL- *(Mirando a foto)* Paréceme que o teño visto algunha vez no aparcadoiro.

ELA- *(Amósalle outra foto da carteira)* Miña nai e mais eu.

EL- Si.

ELA- Debéronnola facer hai dous ou tres anos.

EL- Non é o día do seu concerto?

(Pausa)

ELA- Si, podería ser.

EL- Lembro que levaba este mesmo vestido e súa nai ía así tamén.

(Pausa)

ELA- Creo que non volvín poñer máis este vestido desde aquela.

(Pausa)

EL- Saíu moi ben e súa nai tamén.

(Pausa. Saca a foto da carteira)

ELA- Quérea?

EL- Vai darme a foto?

ELA- Si.

EL- Non a quere conservar?

ELA- Teño máis na casa.

EL- *(Colle a foto)* Grazas.

ELA- Debe ser a única persoa que aínda se acorda daquel concerto.

ELA- A miña muller tamén se acorda. Pregunteille non hai moito e os dous lembrabamos a música, a xente que había e que coñeciamos, incluso atopamos un programa de man nun caixón. Nada máis un, o outro debeu perderse. *(Garda a foto que lle deu ELA)* Ensinarei-lle a foto á miña muller, halle facer moita graza.

ELA- Ten algunha foto súa?

EL- De quen?

ELA- Da súa muller.

EL- Non. Nunca levo fotos comigo.

ELA- A que se dedica?

EL- A miña muller? É profesora nunha escola desde hai moitos anos.

ELA- Eu tamén dei clases de música nalgunha escola, pero a verdade é que non tiña moita paciencia. *(Pausa)* Agora non me lembro por que saquei a axenda. Vostede lémbrese?

EL- Tiña que apuntar aquilo do teléfono e do radiador, creo.

ELA- Déixame un bolígrafo?

EL- Si. *(Dálle un bolígrafo. Pausa)* O xefe de persoal comentoume a posibilidade de traballar na miña casa, pero eu prefiro traballar aquí. Teño a sensación de que me distraio menos que na casa.

(Pausa longa. ELA deixa de escribir)

ELA- Distráese moito?

EL- Como di?

ELA- Se hai moitas cousas que o distraen.

EL- Que quere dicir?

ELA- Terá que desculpar a miña curiosidade pero antes de que chegara lin un pouco o que había enriba da mesa. *(Pausa)* Que é? Un diario?

EL- Nada máis son uns apuntamentos.

ELA- Uns apuntamentos?

EL- Si.

ELA- E escribíeos aquí?

EL- Só cando remato todo o traballo.

(Pausa)

ELA- É escritor?

EL- Escritor? Non, non son escritor.

(Pausa)

ELA- Pódolle preguntar por que deixou o último traballo?

EL- Que traballo?

ELA- Antes de vir aquí.

EL- A empresa na que estaba pechou.

(Pausa)

ELA- De que era a empresa?

EL- De calzado tamén, pero máis pequena ca esta.

ELA- Alí tamén escribía en horas de traballo?

EL- Traballaba na miña casa.

ELA- Polo menos na súa casa seguro que non tiña que agochar ás presas o que escribía.

EL- Sinto que o lese pero non tiña ningún dereito.

ELA- Ten razón e por iso desculpeime antes e volvo desculparme outra vez. A miña curiosidade foi máis forte que a miña discreción.

(Pausa longa)

EL- Se o prefire a partir de agora podo traballar na miña casa como facía no outro emprego.

ELA- Cando miña nai dirixía a empresa tamén escribía aquí?

(Pausa)

EL- Si.

ELA- E ela sabíao?

EL- Si.

ELA- Sabíao?

(Pausa)

EL- Foi ela quen mo pediu.

ELA- Que lle pediu?

EL- Encargoume escribir a historia da empresa desde a súa fundación ata agora.

ELA- É iso o que escribe?

EL- Si.

ELA- Por que non mo dixo antes?

EL- Súa nai non quería que o soubese ninguén. Ía ser unha sorpresa para o centenario.

ELA- Que centenario?

EL- Da empresa, o ano que vén.

ELA- Non recordaba que o ano que vén fose o centenario.

(Pausa)

EL- Hai un par de anos que súa nai me fixo o encargo. Quería que tivese suficiente tempo para acabala para o centenario tendo en conta que eu non son escritor.

ELA- E por que lla encargou a vostede?

EL- Non quería pedirlo a ninguén de fóra da empresa. Non quería que ninguén de fóra remexese nos arquivos e nos papeis da empresa.

ELA- E non pensaba dicirme nada?

EL- Quería acabala e enviarlla a súa nai.

(Pausa)

ELA- De todo o persoal como é que o escolleu a vostede?

EL- Ofrecinme eu mesmo. Tiña tempo e, por outra banda, supoñía ganar un diñeiro extra.

ELA- Entón foi idea súa?

EL- Non. Foi idea de súa nai. Ela quería algo especial para o centenario, algo que recolese o traballo de seu avó, o de seu pai e o seu tamén. De que maneira a empresa foi crecendo ao longo dos anos co esforzo dos tres. Quería que a historia da empresa reflectise todos os acertos de tantos anos pero tamén todos os erros. Súa nai non quería un panxírico, senón aquilo que de verdade foi e segue a ser a empresa.

(Pausa)

ELA- E fáltalle moito para acabala?

EL- Cheguei ata pouco antes do ataque de súa nai.

ELA- Entón xa case a ten acabada.

EL- Aínda a teño que repasar toda e tamén mecanografala enteira.

ELA- Escribiuna toda a man?

EL- Si.

(Pausa)

ELA- E ninguén máis sabe nada diso que escribe?

EL- Non.

ELA- Calquera podía ter entrado un día e ler os seus apuntamentos tal como fixen eu hoxe.

EL- Hoxe é a primeira vez que ao ir ao lavabo os esquezos enriba da mesa. Non me pasara nunca.

(Pausa)

ELA- Agora entendo que tivese un despacho para vostede só.

EL- A súa nai pareceulle o máis práctico se tiña que facer o meu traballo e o seu encargo ao mesmo tempo, porque iso si, o meu traballo de cada día non o podía descoidar nin deixalo en segundo termo.

ELA- E miña nai leu algo da súa historia?

EL- Linlle eu algún anaco.

ELA- Leulle vostede?

EL- Súa nai non entende a miña letra.

ELA- A min pareceume que se entendía moi ben.

EL- Hai algúns fragmentos que se entenden mellor que outros.

(Pausa)

ELA- Miña nai díxolle que pensaba facer con esta historia cando a acabase?

EL- Quería editala para o centenario, facer unha edición limitada para regalar á familia, aos empregados e tamén para algúns clientes.

ELA- E desde o ataque falou con ela, díxolle algo máis?

EL- Non. Desde entón non falamos máis. E eu tampouco quixen molestala.

(Chove máis forte. Pausa longa)

ELA- Teña... *(Ofrécelle o bolígrafo a EL)*

EL- Quede con el. Teño moitos aquí.

ELA- Grazas. *(Garda o bolígrafo no bolso)* Imaxino que debía falar a miúdo con miña nai da empresa.

EL- Si.

ELA- Víaa desanimada?

EL- Desanimada?

ELA- Si, ultimamente.

EL- Non.

ELA- Faláballe algunha vez do futuro?

EL- Do futuro?

ELA- Da empresa...

EL- Non. Só me falaba dos seus recordos, daquilo que recordaba de seu avó e de seu pai relacionado coa empresa. E tamén falaba de agora, do presente.

ELA- E que dicía?

EL- Falaba do seu traballo, de todo aquilo que continuaba igual ou que cambiara respecto á época de seu avó e á de seu pai.

(Pausa)

ELA- E non lle dicía nada máis?

EL- Non. *(Pausa longa)* Súa nai non se atopa ben?

ELA- Si, agora está ben. Córdase moito e faille caso aos médicos. Incluso deixou de fumar.

EL- De verdade?

ELA- Por fin se toma a súa saúde en serio.

EL- Alégrome moito.

(Pausa. ELA levántase)

ELA- En canto vexa a miña nai recordareille o seu encargo.

EL- Preferiría que non lle dixese nada.

ELA- Por que?

EL- Con súa nai quedamos que tiña que ser unha sorpresa para todo o mundo, que ningún dos dous diría nada a ninguén ata o centenario.

ELA- Quere dicir que meu pai tampouco sabe nada?

EL- Seu pai díxolle algo?

ELA- Non.

EL- Non o tiña que saber ninguén ata o centenario.

(Pausa. ELA colga o bolso do ombro)

ELA- Ben, téñome que ir.

EL- Entón podo acabar o encargo de súa nai aquí?

ELA- É un pouco tarde para pedirmo, non cre?

EL- Síntoo.

(Pausa)

ELA- Se fose o caso xa falaremos noutro momento. Teño que saír recibir un cliente que chega agora.

EL- Si, claro.

(ELA vai cara á porta e detense)

ELA- Podería deixarme o seu paraugas?

EL- O paraugas? Si.

(EL levántase e colle o seu paraugas)

ELA- En canto marche o cliente devólvollo.

EL- Teña. (Dálle a ELA o paraugas)

ELA- Grazas.

(ELA sae. Escuridade)

7

(O mesmo despacho. Os mobles non están no mesmo lugar que nas escenas anteriores. EL almorza sentado á mesa e ELA está de pé á beira da porta)

ELA- Bo proveito.

EL- Grazas. Apetécelle algo?

ELA- Grazas, xa almorcei. Veño devolverlle o seu paraugas. Sinto que tardase tanto. *(Deixa o paraugas enriba da mesa)* A verdade é que lle merquei un novo. O seu perdino. Síntoo.

EL- Non se tiña que molestar. Aquel paraugas xa era moi vello.

(Pausa)

ELA- Non o quere abrir?

EL- Por que?

ELA- A ver se lle parece bastante grande.

EL- Non é necesario. Seguro que está ben.

(Pausa)

ELA- Como é que cambiou os mobles de lugar?

EL- Así o despacho parece máis grande.

(Pausa)

ELA- Quizais eu tamén debería facer o mesmo no meu despacho.

EL- Parécelle pequeno o seu despacho?

ELA- A verdade é que non. *(Pausa longa)* Permíteme mirar un momento o xornal?

EL- Si, claro. *(ELA colle un xornal de enriba da mesa e pasa algunhas follas)* Sente se quere.

ELA- Grazas. *(ELA senta, mira algo no xornal e despois déixao onde estaba)* Perdoe, non sei en que páxina o tiña.

EL- Tanto ten. Non o estaba lendo.

(Pausa)

ELA- Sempre almorza a esta hora?

EL- Case sempre.

ELA- Non baixa nunca ao bar?

EL- Prefiro almorzar aquí. O café está máis bo.

ELA- Si, iso é verdade.

(Pausa)

EL- Vostede almorza no bar?

ELA- Non. A primeira hora tomo un café no despacho e nada máis. *(Pausa longa)* Hai uns días vino pola rúa, no centro. Toquei o claxon pero non se decatou. Foi entón cando lembrei que lle tiña que devolver o paraugas.

(Pausa)

EL- Eu tamén a vin un día polo centro, ía co seu marido, no coche.

ELA- Co meu marido?

EL- Conducía vostede.

ELA- Aquel día que o vin non ía co meu marido. *(Pausa)* Lembra que día era?

EL- Cando?

ELA- O día que nos veu ao meu marido e a min.

EL- Era un venres, creo. Un venres ao mediodía. Ou quizais era sábado.

ELA- Sábado sempre estamos fóra o meu marido e eu. Temos unha casa na costa e pasamos aló as fins de semana.

EL- Entón debía ser venres cando a vin.

(Pausa)

ELA- As fins de semana a súa muller e vostede non van a algures?

EL- Nin a miña muller nin a min nos gusta moito conducir.

ELA- E que fan as fins de semana?

EL- Quedamos na casa.

ELA- Os dous sos?

EL- Si.

ELA- E non saen nunca?

EL- Case nunca.

(Pausa longa)

ELA- Ben, déixoo que almorce tranquilo. *(Érguese)*

EL- Grazas polo paraugas novo.

ELA- De nada.

(ELA sae. Pausa. Escuridade)

8

(Na escuridade escóitase unha voz por megafonía que di: “Atención, a causa dunha emerxencia, prégase a todo o persoal que abandone inmediatamente o edificio. Pola súa seguridade baixen polas escaleiras e eviten usar o ascensor ou o montacargas. Grazas.”)

Ilumínase o mesmo despacho. EL está de pé mirando para a fiestra.

Pausa longa. Escuridade)

9

(O mesmo despacho. ELA está embarazada. Os dous están de pé. Desde o comezo EL mira un papel e ELA mira pola fiestra. Hai un teléfono enriba da mesa. Pausa longa)

ELA- Hai tempo que debería estar arranxado o aparcadoiro, asfaltado e con máis luz. De noite está moi escuro.

(Pausa)

EL- Non quere sentar?

ELA- Levo todo o día sentada, grazas.

(EL volve mirar o papel. Pausa)

EL- Parece que todo está ben.

(Pausa. EL ofrécelle o papel a ELA que o colle)

ELA- Vostede ten fillos?

EL- Teño un da súa idade.

ELA- E que fai?

EL- Que fai?

ELA- En que traballa?

EL- Agora é auxiliar de enfermería nun hospital.

ELA- E gústalle?

EL- Non fala moito do asunto, pero é o primeiro traballo que lle dura máis de seis meses.

ELA- Está casado?

EL- Aínda non. *(Pausa longa. ELA senta)* Quere un café?

ELA- Farteime do café. Nin tan só o podo cheirar. O médico di que me axudará a tomarme as cousas con máis calma.

EL- Pero atópase ben?

ELA- Algunha mañá cando baixo á fábrica, por momentos, teño a sensación que o cheiro do coiro me dá náuseas. Nada máis é un momento e de seguida me pasa.

(Pausa)

EL- Ao comezo de chegar aquí eu tamén tiña a mesma sensación.

ELA- Tiña náuseas tamén?

EL- Máis ben mareos.

ELA- A verdade é que me atopo moi ben. E todo o mundo é moi amable, máis amable que nunca.

(EL senta á outra banda da mesa mentres ELA colle a peza de xadrez que hai enriba da mesa e míraa. Pausa longa)

EL- Cando a miña muller quedou embarazada aprendinlle a xogar ao xadrez.

ELA- Xogaban os dous ao xadrez?

EL- Si.

(Pausa)

ELA- Parecíame que me dixera unha vez que xa non xogaba nunca ao xadrez.

EL- Despois de ter o neno deixamos de xogar.

(Pausa)

ELA- E co seu fillo non xoga nunca?

EL- A meu fillo non lle gusta o xadrez.

(Pausa)

ELA- Imaxino que debe ser difícil.

EL- Xogar ao xadrez? Se se xoga para pasar o tempo non é difícil.

ELA- E se non se xoga para pasar o tempo?

EL- Entón é diferente.

(Pausa)

ELA- Que é o máis difícil de todo?

EL- A incerteza, supoño.

ELA- A incerteza?

(Pausa)

EL- Un xogador de xadrez cando non lle toca mover peza, dispón a cotío dun certo tempo: cinco, dez minutos, a veces media hora. Nese tempo poucas veces estuda a situación do xogo. Na maioría dos casos dedícase a soñar esperto e a divagar sen rumbo, pero sempre baixo a presión de que ten que volver a xogar, a mover peza. Esta é a razón pola cal moitos xogadores o acaban deixando. A tensión resúltalles insoportable.

(Pausa)

ELA- É iso o que lle pasou a vostede?

EL- Meu pai aprendeume a xogar ao xadrez aos sete anos. Díxome: é un xogo de reis, se lle es fiel el hacho ser a ti. Non o entendín ata o día que el mesmo tocou teito no xogo, ata que chegou ao punto de non poder progresar máis. E iso que houbo momentos da súa vida en que estivo ben preto de crer que non podía perder nin unha soa partida. Entón, cando perdía, a derrota facíalle espertar como dun soño...

(Soa o timbre procedente da planta de abaixo da fábrica que avisa do final da xornada. ELA mira o seu reloxo)

ELA- Non imaxinaba que fose tan tarde. *(Pausa longa)* Non remata?

EL- Si.

(EL levántase e prepárase para marchar)

ELA- O meu marido vén buscarme agora. Se quere podémolo levar en coche onde diga.

EL- Grazas, pero xa trouxen o meu coche.

ELA- Eu collinlle manía a conducir. Por iso me veñen buscar cada día. *(Levántase e achégase á fiestra. Pausa longa)* Cal é o seu coche?

EL- Un branco.

ELA- Un branco?

EL- *(Sen mirar pola fiestra)* Desde aquí incluso a min me custa recoñecelo. Todos me parecen iguais.

(Pausa)

ELA- E a súa muller que tal está?

EL- Ben. Aínda que agora non nos vemos moito. Separámonos.

ELA- Desculpe, non sabía nada.

EL- De momento é unha separación temporal. Non hai nada definitivo aínda.

(Pausa)

ELA- Espero que todo se arranxe.

EL- Só é cousa de tempo.

ELA- De tempo?

EL- Que se arranxe ou non.

(Pausa)

ELA- Canto hai que están casados?

EL- Trinta e tres anos.

ELA- E separáronse algunha outra vez antes?

EL- Non. Nunca. Esta é a primeira vez. *(Pausa)* Meu fillo quere que vaia vivir con el de momento, pero ten noiva e o piso onde viven é moi pequeno, así que preferín irme a un hotel.

(Pausa longa)

ELA- Sei duns apartamentos no centro que están moi ben de prezo. Pódense alugar por semanas e incluso por días. Non é que estivese nunca pero algúns amigos e clientes faláronme moi ben. Mañá pódolle dar o teléfono e o enderezo. *(Soa o teléfono)* Chámeme mañá a primeira hora ou pase polo meu despacho e dareille a tarxeta.

EL- Grazas, pero non fai falla.

(Pausa longa)

ELA- Non contesta?

EL- Si. *(Descolga o teléfono)* Si? *(Pausa)* É para vostede, a súa secretaria. *(Pásalle o auricular a ELA)*

ELA- Si, que pasa? *(Pausa)* Agora baixo, grazas. *(Colga o teléfono)* Chegou o meu marido.

(Pausa. Volve soar o teléfono. Pausa longa. Escuridade)

10

(O mesmo despacho. Non hai ninguén. O teléfono aínda soa. Entra ELA cunha copa de cava de plástico medio chea e descolga o teléfono. É de noite)

ELA- Si? *(Pausa)* Non está neste momento. *(Pausa longa)* Así que volva xa lle direi que lle dea unha chamada. Adeus. *(Colga o teléfono, busca un papel e un bolígrafo na mesa, en algún caixón e despois de atopalo, senta no sitio de EL para escribir. Tacha un par de veces o que escribiu antes de dalo por bo. Entra EL cunha copa de cava de plástico na man)* Acaban de chamalo. *(Pásalle o papel)* Di que chame en canto poida. *(Pausa)* Entende a letra?

EL- Si.

ELA- Sabe quen é entón?

EL- Si, é meu fillo. Xa o chamarei. *(Deixa o papel enriba da mesa. Pausa)* Quere que lle traia unha copa de cava?

ELA- Grazas, xa teño unha.

EL- *(Alzando a súa copa)* Feliz ano novo.

ELA- Feliz ano novo.

(Os dous beben un grolo de cava)

EL- É moi bo.

ELA- Diso ocupouse o meu marido.

EL- O seu marido?

ELA- Eu non entendo nada de cavas. De viño si que entendo, pero de cavas...

EL- Pois dígalle ao seu marido da miña parte que é moi bo este cava.

ELA- Xa llo direi, pero creo que vostedes non se coñecen.

EL- Non, non nos coñecemos.

ELA- Entón por que quere que lle dea as grazas da súa parte?

(Pausa)

EL- Creo que o cava me subiu á cabeza. Perdoe.

ELA- Cantas copas tomou?

EL- Dúas.

ELA- Dúas nada máis?

EL- Non estou acostumado a beber.

(Pausa)

ELA- Por que non senta? *(Levántase)*

EL- Non, non se levante. Xa sento aquí. *(Senta á outra banda da mesa. Pausa)* Vostede non senta?

(Pausa. ELA senta. Pausa longa)

ELA- Será mellor que chame un taxi para volver a casa.

EL- Cun café pásaseme de seguida.

(Pausa)

ELA- Perdoe, pero cada vez que quere un café ten que ir arriba buscalo?

EL- Só tomo un par de cafés ao día. Só subo un par de veces buscar café.

ELA- E como é que non se trasladou arriba aínda?

EL- Arriba non hai sitio.

ELA- Quen lle dixo que non hai sitio?

EL- O xefe de persoal.

ELA- A verdade é que arriba estamos un pouco apertados. (Pausa longa. Alza a copa)
Feliz ano novo.

EL- Feliz ano novo.

(Os dous acaban o cava das súas copas)

ELA- Acabouse.

EL- Quere que vaia buscar máis?

ELA- Eu non quero máis. Grazas. *(Os dous deixan a copa na mesa case ao mesmo tempo)*
Síntoo. Desordeneille un pouco a mesa buscando un papel e un bolígrafo.

EL- Xa non estaba moi ordenada.

ELA- A miña mesa aínda está máis desordenada que a súa. A miña secretaria ordénama cada mañá e a medio día xa está completamente desordenada. A cuestión supoño que é que ela a ordena á súa maneira e eu non me acabo de acostumar á súa orde.

EL- E por que non lle pide que lla ordene doutra maneira?

ELA- Ultimamente xa lle chamei a atención por demasiadas cousas. E no fondo esta non ten tanta importancia.

EL- A orde é importante.

ELA- Pero é a persoa máis ordenada que coñezo.

EL- Quen?

ELA- A miña secretaria. Non me parece xusto chamarlle a atención por iso tamén.

(Pausa)

EL- E por que non ordena vostede mesma a súa mesa?

ELA- Supoño que é o que debería facer cada mañá ao chegar ao traballo, pero son incapaz, só me vexo con azos para desordenala. *(Pausa longa)* Teño que marchar. Espéranme na casa.

EL- Non a veñen buscar hoxe?

ELA- Non. Volverei en taxi tamén.

EL- Se quere pódoa acompañar.

ELA- Vostede?

EL- En coche, a súa casa...

ELA- Entón, ao final, non collerá un taxi?

EL- Non quero deixar o coche aquí.

ELA- Por que non?

EL- Mañá é festa. E tamén teño que ir buscar a meu fillo ao hospital no que traballa.

ELA- Pasará a noite de fin de ano co seu fillo?

EL- Si, e coa súa noiva. *(Pausa)* E vostede? Con quen pasará a noite de fin de ano?

ELA- Coa familia tamén.

(Pausa longa)

EL- Como está a súa filla?

ELA- Moi ben. Quere ver unha foto?

EL- Si.

(Pausa)

ELA- Síntoo. Non lla poderei ensinar. Teño o bolso arriba no meu despacho.

EL- Xa ma ensinará outro día.

ELA- Todo o mundo di que se parece moito a min. Pero os nenos a medida que se fan grandes cambian. En realidade preferiría que de maior non se me parecese.

EL- Preferiría que se parecese a seu pai?

ELA- En realidade quereda que non se parecese a ningún.

EL- Que os fillos se parezan un pouco a seus pais é case inevitable.

(Pausa)

ELA- E as empresas a quen se parecen?

EL- As empresas?

ELA- Si, a quen se parecen? *(Pausa)* Non o sabe? *(Pausa)* Non me faga caso. Eu tamén bebín un pouco.

EL- Bebeu máis de dúas copas?

ELA- Unhas cantas máis. Pero teño unha boa escusa, ademais de fin de ano hoxe é o meu cumpreanos.

EL- Por moitos anos.

ELA- Grazas.

EL- Mágoa que xa non nos quede máis cava.

(Pausa)

ELA- Non quixen celebrar o meu cumpreanos de verdade e agora arrepiéntome.

EL- Por que non o quixo celebrar de verdade?

ELA- O ano pasado dixen que xa non o volvería celebrar máis.

EL- Cantos anos cumpre?

ELA- Trinta e un.

EL- E a que hora naceu?

ELA- Ás nove menos cuarto.

EL- Da mañá?

ELA- Da noite.

EL- Entón aínda non os cumpriu. Aínda está a tempo de celebralo.

(Pausa)

ELA- E vostede?

EL- Eu?

ELA- Cantos anos ten?

EL- Cincuenta e oito. O que non sei é a que hora nacín. Meus pais neste punto nunca se puxeron de acordo. Meu pai sempre estaba ocupado co xadrez e miña nai organizando todo tipo de actos filantrópicos. Ás veces penso que o feito de que me tivesen debeu ser a combinación insólita dunha estratexia de xadrez del cun acto de filantropía dela.

(Óese unha música. Pausa longa)

ELA- Vén de abaixo, verdade?

EL- Creo que non, que vén de arriba.

ELA- De arriba?

(EL levántase e escoita preto da porta. Pausa longa)

EL- Si, vén de arriba.

(Pausa)

ELA- Os zapatos que leva non son de aquí, verdade?

EL- Os zapatos? Non, non son de aquí.

ELA- Non serán chineses...

EL- Paréceme que non.

ELA- Os meus tampouco son de aquí.

(Pausa)

EL- Si, é verdade.

(Pausa longa)

ELA- Por que non sobe bailar?

EL- Eu non sei bailar esta música.

(Pausa)

ELA- Que música lle gusta a vostede?

EL- Todo tipo de música de feito.

ELA- Todo?

EL- Quero dicir que depende do momento gústame unha música ou outra.

(Pausa)

ELA- Perdoe, pero mentres buscaba algo para escribir a súa nota vin que tiña música nun caixón.

EL- Si, cando hai moito ruído abaixo ás veces póñoa.

ELA- Pon música para tapar o ruído de abaixo?

EL- Ás veces si.

ELA- Non se poñía uns tapóns nas orelas para non oír o ruído?

EL- Ás veces tamén poño música.

(Pausa)

ELA- Impórtalle que poña agora un pouco de música?

EL- Non, non me importa.

(ELA abre un caixón, pon en marcha un aparello reprodutor de música e soa unha peza de piano de Beethoven. Pausa longa)

ELA- E a súa historia?

EL- Que historia?

ELA- A que escribía por encargo da miña nai.

EL- Xa lla enviei a súa nai.

ELA- Cando?

EL- Tres meses antes do centenario.

ELA- O centenario..., é verdade. Esquecérame completamente... Por que non me dixo nada?

EL- Pensei que quizais decidiran non celebralo vostede e súa nai.

ELA- Miña nai?

EL- Si, as dúas.

ELA- Non falei nunca do centenario coa miña nai e ela tampouco me dixo nunca nada.

(Pausa longa) Entón miña nai non lle dixo algo da súa historia, do que lle parecía?

EL- Non.

ELA- E vostede non lle preguntou nada?

EL- Non.

ELA- Pero o centenario xa hai tempo que pasou.

EL- Si.

ELA- Traballou nela moito tempo. Non lle parece que ten todo o dereito a saber a opinión dela? *(Pausa longa)* Por que non a chama agora?

EL- A quen?

ELA- A miña nai. Para que lle diga que lle parece a súa historia. Seguro que debe estar na casa a esta hora. Eu mesma lle marcarei o número. *(Descolga o auricular do teléfono)*

EL- Non fai falta.

(ELA marca un número e pásalle o auricular a EL que despois dunha pausa o volve colgar. Pausa)

ELA- Perdoe.

(Pausa longa. Escuridade)

11

(Na escuridade óese unha voz por megafonía que di: “Atención, a causa dunha emerxencia, prégase a todo o persoal que abandone inmediatamente o edificio. Pola súa seguridade baixen polas escaleiras e eviten usar o ascensor ou o montacargas. Grazas.”)

Ilumínase o mesmo despacho. Non hai ninguén.

Pausa longa. Escuridade)

12

(O mesmo despacho. EL está tombado no chan cun pano mollado no nariz e ELA está de pé)

ELA- Que lle pasa?

EL- Sángrame o nariz. Non é nada.

ELA- Quere que avise un médico?

EL- Pasaram de seguida. Non se preocupe.

ELA- Está seguro?

EL- Non é a primeira vez. De aquí a un momento xa me pasa. Sinto que a avisasen para nada.

(Pausa)

ELA- Quere un vaso de auga?

EL- Teño unha botella ao lado da cadeira.

ELA- Achégolla?

EL- Como?

ELA- Se lle achego a botella de auga...

EL- Non fai falta. Grazas.

(Pausa)

ELA- Quere que chame a seu fillo?

EL- Asegúrolle que estou ben. Nada máis me teño que tomar un momento.

(Pausa longa)

ELA- Quere que abra a fiestra? Vai moita calor.

EL- Non se pode abrir. Está estragada.

ELA- Como é que non avisou para que lla arranxasen.

EL- Xa o fixen.

(Pausa longa)

ELA- Cando ten vacacións?

EL- Como?

ELA- Que días ten vacacións?

EL- A segunda quincena de agosto.

(Pausa)

ELA- Arriba xa hai xente de vacacións. Por que non traballa estes días arriba. Vai demasiada calor aquí para traballar.

EL- Non veño cada día. Hai días que quedo na casa a traballar.

ELA- Traballa na súa casa?

EL- O xefe de persoal díxome que falara con vostede. Que lle consultara...

ELA- Si, é verdade. Non me lembraba... Perdoe, pero é que teño moitas cousas na cabeza.

EL- Veño aquí un par de días á semana. Parécelle ben?

ELA- Si, claro. *(Pausa longa)* Eu tiña que marchar a semana que vén de vacacións pero miña nai tivo outra recaída e volveu ao hospital.

EL- Síntoo.

ELA- Non quero deixar a meu pai só con miña nai no hospital. Pero por outra banda iríame moi ben marchar uns días fóra. *(Pausa longa. EL move os beizos como se dixese algo)* Que di?

EL- “Vayamos a Veracruz con cuatro haches”.

ELA- Que?

EL- É unha frase que dicía meu pai cando xogaba unha partida de xadrez e estaba a punto de facer xaque mate ao seu contrincante.

ELA- E que quere dicir?

EL- ¿“Vayamos a Veracruz con cuatro haches”? Nada. Non significa nada. *(Pausa)* A meirande parte de xogadores de xadrez abstéñense de falar mentres xogan, pero hai algúns que falan polos cóbados ou que de vez en cando din algo, palabras inventadas, ou unha frase que non significa nada, como esta de meu pai.

ELA- E vostede?

EL- Eu?

ELA- Tamén falaba mentres xogaba?

EL- Non. Eu era dos que non dicían nada.

(Pausa. EL levántase)

ELA- Está mareado?

EL- Estou ben.

(Pausa longa)

ELA- É mellor que vaia á casa e que descanse.

EL- Non estou canso. Perdín un pouco de sangue e nada máis.

(Pausa)

ELA- Ben, se xa está ben volvo para arriba.

EL- Perdoe, pero podo preguntarlle se pechará a empresa?

ELA- De momento non.

EL- Todo o mundo di que despois do verán haberá despedimentos.

ELA- De momento non hai nada seguro. *(Pausa longa)* Síntoo. Non lle podo dicir nada máis. Só que estou facendo todo o posible para non ter que pechar. De feito xa hai tempo que estou intentando atopar un socio, incluso vender a empresa antes de ter que pechar, pero de momento non hai nada seguro.

(Pausa)

EL- Recibiu algunha oferta pola empresa?

ELA- Ningunha que se poida tomar en serio.

(Pausa)

EL- Eu, despois do verán, deixarei o traballo. En outubro seguramente.

ELA- Deixa de traballar en outubro?

EL- Como moito en novembro.

(Pausa)

ELA- Atopou outro traballo?

EL- Meu fillo e mais eu queremos abrir un negocio xuntos. El quedou sen traballo e co que temos aforrado entre os dous probaremos con este negocio. En realidade sería facerse cargo dun negocio que xa hai tempo que funciona moi ben.

ELA- Que negocio é?

EL- Unha tenda de obxectos de agasalho. Está nunhas galerías do centro e os amos xubílanse por fin de ano.

ELA- Levou algún negocio algunha vez?

EL- Si, hai moitos anos tiven unha papelería unha temporada.

(Pausa)

ELA- Espero que lles vaia moi ben.

EL- Grazas.

(Pausa)

ELA- Vólvelle sangrar o nariz.

EL- *(Ponse o pano no nariz)* Non é nada. *(Pausa)* Sabía que no ano 32 a fábrica estivo a punto de pechar?

ELA- Non o sabía.

EL- Aquel ano tamén houbo un par de folgas na fábrica. E no entanto todo se arranxou.

(Pausa)

ELA- E como se arranxou todo?

EL- Chegou un encargo do exército.

ELA- Do exército?

EL- Para facer botas. Unha daquelas ironías da vida. Segundo súa nai, a seu avó non lle gustaban nada os militares, incluso de novo formara parte dalgunha intriga política. Vese que seu avó era unha persoa moi singular.

ELA- Si, miña nai xa me falara do bisavó.

EL- Gustábanlle moito as artes, especialmente a música.

(Pausa)

ELA- Ben. Teño que marchar. Cóidese

EL- Grazas.

(ELA sae. Pausa. Escuridade)

13

(O mesmo despacho, baleiro. EL e ELA están de pé)

EL- Síntoo moito.

ELA- Grazas.

EL- Cando foi o enterro?

ELA- Mércores da semana pasada. *(Pausa)* Segundo os médicos non sufriu nada. Vese que morreu mentres durmía.

EL- Entón debe ser verdade que non sufriu.

ELA- Agora quen me preocupa é meu pai. Hoxe é o primeiro día que o deixo só. É o primeiro día que veño ao traballo despois do enterro.

(Pausa longa)

EL- Perdoe, pero prefire estar soa?

ELA- Como sabía que estaba aquí?

EL- Entrei un momento ver o meu antigo despacho. Non sabía que a ía atopar aquí. Pensaba que estaría arriba. *(Pausa)* Desde que souben da morte de súa nai chameina por teléfono unhas cantas veces, pero ninguén contestaba.

ELA- Estámonos trasladando a unha nave máis pequena do mesmo polígono, non moi lonxe de aquí. O persoal das oficinas xa está alí.

EL- Si, xa mo dixeron abaixo.

ELA- Abaixo?

EL- Entrei pola fábrica.

(Pausa)

ELA- E que máis lle dixeron abaixo?

EL- Nada máis.

ELA- Nada máis? Non lle faláron mal de min?

EL- Case todos os traballadores do mundo se queixan dos seus xefes.

(Pausa)

ELA- E vostede?

EL- Eu?

ELA- Como está?

EL- Ben.

ELA- E seu fillo?

EL- Está en Inglaterra coa súa noiva.

ELA- En Inglaterra?

EL- A ela saíulle un traballo de enfermeira e agora os dous viven alí. Pero veñen moi a miúdo.

ELA- Entón xa non traballan xuntos, vostede e seu fillo?

EL- Non. Agora traballo na miña casa para un par de empresas.

ELA- E vaille ben?

EL- Si, cunha mellor que coa outra, pero non me podo queixar. *(Pausa)* E súa filla?

ELA- Está moi ben. Se tivese o bolso aquí ensinaríalle unha foto súa, pero téñoa no outro despacho. Nada máis pasei un momento por aquí para recoller a correspondencia. Pódese dicir que me atopou de casualidade.

(Pausa longa)

EL- O despacho vese máis pequeno así.

ELA- Si, todo parece máis pequeno, ata o aparcadoiro.

(Pausa longa)

EL- Ben, téñome que ir.

ELA- Veu no coche?

EL- Non, no autobús.

ELA- Quere que o acompañe á parada do autobús?

EL- Non é necesario. Grazas.

ELA- A parada queda moi preto da nova fábrica. E de paso ensínolla nun momento.

EL- Quizais outro día, cando se trasladen de todo.

ELA- É unha nave moito máis pequena ca esta. Case a metade.

EL- Alégrome de que conseguise tirar para adiante coa empresa.

ELA- A verdade é que non sei se será para moito tempo. Como mínimo quería aguantar ata poder vendela nas mellores condicións.

(Pausa)

EL- Súa nai tamén quixo vender a empresa un par de veces.

ELA- Miña nai?

EL- Si.

ELA- E por que non o fixo?

EL- Non lle debeu parecer suficientemente boa ningunha das ofertas.

(Pausa)

ELA- Despois de retirarse, miña nai non volveu falar nunca máis da empresa, nin tampouco preguntaba nunca nada a ninguén. Desentendeuse completamente, como se nunca tivese existido. *(Pausa)* A vostede non lle preguntou nada?

EL- A min?

ELA- Sobre a empresa, como ía...

EL- Non.

ELA- Entón non o chamou nunca?

EL- Non.

ELA- Nin tan sequera sei aínda se leu a súa historia. A verdade é que non a atopei entre os seus papeis. *(Pausa)* Ten algunha copia?

EL- A miña copia perdeuse cando me cambiei de casa. *(Pausa longa)* Ben, voume. *(Pausa)* Cóidese.

ELA- Vostede tamén.

(EL sae. Pausa longa. ELA sae. Pausa. Escuridade)

ÚLTIMOS TEXTOS EDITADOS POLA R.G.T.

- Manuel Lourenzo:** “*Belicosario*” (nº 51)
Jaime Chabaud: “*PIS*” Tradución: Xerardo Moscoso (nº 52)
Jacobo Paz: “*PEEP-SHOW*” (nº 53)
Jesús Díez: “*O Show de Kinsey*” Tradución: Afonso Becerra (nº 54)
Carles Batlle: “*Oasis*” Tradución: Afonso Becerra (nº 55)
Anxos Sumai: “*Deus está de vacacións*” (nº 56)
Cándido Pazó: “*Dúas mamás*” (nº 57)
Xosé Manuel Pazos Varela: “*Ida e volta*” (nº 58)
Sonia Torre: “*Memoria*” (nº 58)
Carles Batlle: “*Esquecer Barcelona*”. Tradución: Afonso Becerra (nº 59)
Santiago Cortegoso: “*Hámster*” (nº 60)
Suzanne Lebeau: “*O ogrocho*”. Tradución: Henrique Harguindey (nº 61)
Gustavo Pernas Cora: “*Colgados*” (nº62)
Josep María Miró: “*A muller que perdía todos os avións*”.
Tradución: Afonso Becerra (nº63)
Luis Araújo: “*Por que as acacias non han dar xarope?*”
Tradución: Xosé Manuel Pazos (nº64)
Abel Neves: “*Nunca estive en Bagdad*”(nº65)
Teté García, Marta Pérez, Rosa Puga, Vanesa Sotelo: “*Expostas*”(nº66)

Consulta os textos publicados pola RGT na web:
www.revistagalegateatro.com